

ACTA DA ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN AVINZA GDR 15 DO 15 DE XUÑO DE 2012

No salón de actos do Fogar do Maior de Allariz, situado no Campo da Barreira, 3, Allariz, cando son as 17 horas do día 15 de xuño de 2012, previamente convocados reuníronse os Sres/as abaixo relacionados baixo a presidencia do Sr. Presidente D. Francisco García Suárez a fin de celebrar a sesión ordinaria da Asemblea Xeral da Asociación Avinza GDR 15 para tratar os asuntos que a continuación se recollen como orde do día.

REPRESENTANTE	ENTIDADE	
José Benito Grande Seara	AAVV San Mamede de Urrós	Allariz
Manuel Cid Pérez	AAVV Requeixo de Valverde	Allariz
Pilar Domínguez Fernández	Asoc. Mulleres Silvardeira	Allariz
Juan Álvarez Losada	Coop. Expl Comunitaria da Terra de Foncuberta Sooc. Cooperativa	Maceda
Mª Ángeles Gil Selas	AAVV Solveira	Paderne de Allariz
Mª Carmen Pérez Selas	Asoc. Mulleres rurais de Solveira	Paderne de Allariz
Delmiro Tesouro González	CCMMVVMC Parroquia de Figueiroá San Xillao	Paderne de Allariz
Eva Vila Sobrino en representación de Esther Losada	Asoc. Mulleres Rurais "As Abeleiras"	Taboadela
Xosé Antón Otero Calviño	Asoc. Sociocultural VETA	Taboadela
Anxo Morán Santana	S. C. G Postoiro	Vilar de Santos
Celia Fernández Doporto	AAVV O Foxo, Busteliño	Xunqueira de Ambía
Eladi Cid Babarro	CCMMVVMC Xunqueira de Ambía	Xunqueira de Ambía
Yolanda Quintas Salgado	Mulleres Rurais Xuncos	Xunqueira de Ambía
José Manuel Fernández	CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ	
José Luis Gavilanes/Representado por Francisco Nogueiras Quintas	CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA	
Eladio Mangana Novoa/Representado por Benigno Carballo Bouzas	CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS	
Francisco García Suárez	CONCELLO DE ALLARIZ	
Carlos Gomez Blanco	CONCELLO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	

ORDE DO DÍA

Despois de asinar a súa asistencia os participantes na Asemblea Xeral reciben a documentación de apoio para seguir a sesión e que se adxunta a esta acta.

O presidente toma a palabra cando son as 17:15 da tarde e expón que dende que foi convocada a asemblea chegaron as resolucións de dous novos proxectos que se teñen que someter á asemblea. Estes proxectos aparecen detallados na documentación entregada, non habendo ningunha obxección a súa votación pasa a formar parte da orde do día. Faise lectura da información de proxectos e apróbanse por unanimidade.

Título: Modernización do proceso produtivo fabricación de mobles

Nº expediente: L11-41300-15-0030

Promotor: Raúl Gómez Alonso

Resumo: Modernización dunha empresa de elaboración de mobles, mediante o equipamento con maquinaria nova.

Orzamento presentado 372.880 €

Orzamento aceptado 316.000 €

Axuda 29.4%

Importe da axuda 92.904,00 €

Concello Paderne de Allariz

Certificación 2013 (100%)

Título: Servizos de aire acondicionado e fontanería

Nº expediente: L11-41300-0032

Promotor: Jesús Morán

Resumo: Posta en marcha dunha empresa adicada á instalación de servizos

de fontanería e aire acondicionado. Investimento en equipamento para desenvolver a actividade.

Orzamento presentado 23.886,44 €

Orzamento aceptado 20.242,75 €

Axuda 42.6%

Importe da axuda 8.623,41 €

Concello Vilar de Santos

Certificación 2012 (100%)

Tamén se solicita a inclusión na orde do día do cambio do orzamento entre as medidas 411 a 413 da anualidade 2012. A xerente explica a necesidade de pedir este cambio a Agader para poder dispoñer de máis fondos para a medida 413 que é a máis solicitada non habendo proxectos pendentes na 411. Unha vez expostas as razóns sométese a votación aprobándose por unanimidade.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. (Adxunta)

O presidente toma a palabra, indica que a acta da sesión anterior, Asemblea Xeral de 8 de abril do 2011, foi enviada por correo xunto coa convocatoria da presente asemblea. Non habendo ningunha obxección apróbbase por unanimidade a acta da anterior asemblea.

2. Aprobación das contas do exercicio anterior correspondente á anualidade 2011 e do orzamento do exercicio de 2012.

A xerente fai lectura da documentación aportada onde se recollen as contas de funcionamento de Avinza GDR 15 do ano 2011, despois dunha lectura pormenorizada apróbbase por unanimidade. A continuación dáse lectura ao orzamento do ano 2012 (sinálase un erro na última partida **Outros gastos** onde se indican 3.000,00 € de **Traballo en rede** e sen embargo se recollen no resumo da partida 2.700,00€, o correcto son os últimos 2.700,00€). Unha vez aclarado o erro expónse á votación e apróbbase por unanimidade.

3. Acordo, se procede, da renovación da Xunta Directiva.

Xunto coa orde do día o presidente enviou unha carta expoñendo a situación en referencia á renovación da Xunta Directiva xa na recta final da campaña. O que se propón é unha renovación da mesma Xunta pois na anterior convocatoria foi renovada case na súa totalidade (dentro das posibilidades) e se fixo coa colaboración e participación da maioría das asociacións. Proponse nesa misiva a mesma candidatura sempre coa liberdade dos socios de presentar á súa no prazo establecido. Chegada a data da Asemblea non se presentou ningunha candidatura polo que se procede á votación da presentada, sendo votada por unanimidade da asemblea.

O representante de VETA recorda que en Taboadela estableceron unha quenda rotatoria de asistencia que comparten entre as asociacións.

4. Información sobre proxectos presentados e aprobados.

- 1. Proxectos Aprobados e Certificacións da anualidade 2011.**
- 2. Información de proxectos aprobados (data 01/06/2012).**
- 3. Orzamento 2012 de proxectos.**

Apórtaselle a asemblea toda a información sobre os proxectos aprobados e certificados de 2011, sobre proxectos aprobados ata o 01/06/2012 e o orzamento para o 2012. (Ver cadros na documentación anexa).

A representante da Asociación de Mulleres Rurais de Allariz, Silvardeira pregunta sobre a marcha dos proxectos xa certificados. A xerente indica que polo que ela coñece os pequenos proxectos como o taller de carpintería de Rairiz ou o Gabinete de Topografía de Maceda van ben e outros están aínda rematando as súas inversións para comezar a funcionar (refírese a Escaiolas Suso e Pinturas Manolo no polígono de Chorente).

5. Informe das actividades desenvolvidas no 2011 e programa do 2012.

Tamén na documentación aportada se recollen todas as actividades realizadas por Avinza en 2011 e o que levamos de 2012.

6. Rogos e preguntas.

O presidente recolle como rogo a celebración das próximas asembleas ou xuntas nun horario máis axeitado ao horario laboral.

Péchase a sesión as 17:47.

Francisco García Suárez
Presidente

Francisco Xabier Oviedo Rodríguez
Secretario